



# GALICIA HISTÓRICA

## Hoja de historia y documentos compostelanos

Año 8. N° 76. Abril, 2023.

### A CANONIZACIÓN DO REI FERNANDO III “O SANTO” NAS ACTAS CAPITULARES

A canonización do rei Fernando III concedida polo papa Clemente X o 7 de febreiro de 1671 foi un motivo de celebración para a cidade de Santiago de Compostela, pero tamén significou unha complexa organización para o cabido, non falta de atrancos e de complicacións. Fernando III durante o seu reinado (1217-1252) sempre favoreceu á catedral e ao apóstolo Santiago. Unificou os reinos de Castela e León e ampliou enormemente as súas fronteiras: conquistando primeiro Córdoba e posteriormente Sevilla (onde sería enterrado). Devolveu as campás da catedral de Santiago, aquelas que no ano 997 Almanzor levara para Córdoba como botín de guerra da razzia feita por Galicia. Pero ¿por que canonizouse ao rei Fernando III? A monarquía hispana non pasaba polos seus mellores momentos no século XVII. Francia e Inglaterra disputábanse o trono europeo. O reino de España carecía dun santo recoñecido pola Santa Sede, a diferenza dos outros reinos europeos que xa tiñan reis santos dende a baixa idade media. Felipe IV foi o impulsor para que se canonizase a algúns reis de Castela ou Aragón que destacase pola súa vida virtuosa e que fose un fervente crente. Houbo varios candidatos: o rei de Castela Alfonso VIII, o rei de Aragón Xaime I o Conquistador, pero ao final a monarquía decidiu concentrar os seus recursos na figura do rei Fernando III.

Beatificar e canonizar un rei era un proceso longo que ademais depende moito das variables políticas dese período. Durante o pontificado de Urbano VIII o papa favoreceu os intereses de Francia fronte aos de España, freando desa maneira a canonización do rei. A situación mudou co novo papa Inocencio X (1644-1655), pero non foi ata o papado de Clemente X (1670-1676) cando outorgouse a santificación. A decisión papal comunicouse á raíña Mariana de Austria, segunda esposa do rei Felipe IV e raíña rexente durante a minoría de idade do rei Carlos II. A bula papal autorizaba a celebrar a festa do rei santo o 30 de maio por ser o día da súa morte. O 23 de marzo a raíña publicou unha cédula real para que se celebrara en todas as cidades o novo culto. Na acta capitular do 10 de abril de 1671 os cóengos reciben unha carta da raíña, dicíndolle que *debían celebrar y festejar el rezo con rito doble que Su Santidad se había servido conceder al santo rey don Fernando Tercero*. O cabido realizou unha programación digna para tal evento: *“una procesión general con altares en diferentes partes desta ciudad, misa y sermón, se corriesen toros y se hiciesen fuegos y luminarias y se trujesen una compañía de representantes para actos*

*sacramentales para alegrar al pueblo en ocasión de suceso tan dichoso”.*

Na acta capitular do 30 de abril de 1671 aparece en escena (nunca mellor dito) unha compañía teatral: a compañía de Juan de Flores. As repercusións que terá contratada, non as esperaban nin os propios cóengos. A preparación xa estaba, faltaba concretar o día e despois gozar desa celebración. A data decidese na acta capitular do 20 de xuño de 1671, quedando sinalado para o 1 de xullo pero na acta capitular do 26 de xuño módase *“el día señalado para las fiestas del santo rey don Fernando el tercero”* para o domingo inmediatamente seguinte (5 de xullo) ao ser ese primeiro de xullo *“el de las octavas de San Juan Bautista”*.

Unha celebración coma esa requería uns fogos axeitados e así *“se ordena que los fuegos de la festividad del santo rey don Fernando se hagan en la Quintana”*. O cóengo don Manuel Márquez rexitaba esa ubicación e argumentaba a decisión rexistrada nun auto capitular anterior sobre *“los fuegos que se suelen hacer en la festividad del santo apóstol”*. Probablemente referíase á acta capitular do 7 de xullo do ano 1666 onde despois de votar con fabas, o cabido rechazou a proposta do cóengo Andrés Martínez de Loaisa, ordenando *“no haber lugar a mudarse los fuegos de víspera de Santiago a la Quintana de Palacios y se hagan en la plaza del Hospital como está decretado por el cabildo”*. As tradicións deben manterse e o cóengo pretendía que os fogos para a canonización do rei tiveran o mesmo emprazamento que os do Apóstolo, é decir na praza do Hospital, a que hoxe en día coñecemos pola praza do Obradoiro.

Todo ía ben, sabíase a data, onde se farían os fogos artificiais, pero na acta capitular do 29 de xuño de 1671 o cabido xuntouse para *“determinar el agravio de mandar retirarse la compañía de representantes que se había convocado para la celebración del santo rey don Fernando el tercero”*, protestando contra a orde do Consello Real de Castela para que *“Juan de Flores, autor de su compañía de representantes, el que saliese luego con ella desta ciudad y todo este reino de Galicia sin hacerse presentación alguna”*. Acordando reunirse o cabido para o dia 30 do presente mes *“para elegir persona o personas”* que marchen coma legados xunto á raíña para *“quejarse deste ultraje”*.

Don Juan de la Pedriza Agüero, coadxutor do señor chantre don Benito de Trelles presenta ante o cabido *“una carta del señor don Benito de Trelles, del Consejo de Su Majestad, tío del dicho señor chantre, en que le daría a entender que de orden de Su Majestad que dios guarde, se había mandado al consejo de la ciudad de Zamora, notificase a Juan de*

*Flores y a su compañía de representantes no saliese de las coronas de Castilla y León, ni pasase a la ciudad de Santiago ni parte alguna del reino de Galicia".* A carta é do 27 de maio dese ano de 1671 "y contiene de posdata de letra del dicho señor don Benito de Trelles las palabras siguientes: desta resolución dará también vuestra merindad noticia a su cabildo". ¿Quenes eran eses dous persoeiros co mesmo nome e apellido? O chantre don Benito de Trelles era cóengo de Santiago e tiña baixo a súa dignidade o governo do canto do coro da catedral. O outro don Benito de Trelles era o seu tío, conselleiro da Súa Maxestade e ainda máis importante: protector das comedias. Este cargo era a máxima autoridade nos asuntos teatrais e as súas funcións abarcaban: a autorización da formación de compañías, establecemento da normativa teatral, castigo de fraudes, a autorización (previa censura) das comedias a representar e o nomeamento dos comisarios e alguacís, é decir, unha especie de árbitro da vida teatral. Na carta recálcase que débese informar desa prohibición ao cabido.

O 4 de xullo xúntase todo o cabido para escouitar a postura que tomará o arcebispo Andrés Girón neste asunto: "su ilustrísima hizo un razonamiento mui dilatado a los dichos señores, procurando persuadirles a que no pasasen adelante con la resolución que tenían tomada de enviar a la corte a los señores cardenal don Juan de Sevilla Rojano y canónigo don Juan Giráldez de Caamaño a representar a los reales provisores de Su Majestad, que dios le guarde, la justa queja del ultraje con que se llegó a tratar a esta santa iglesia prohibiéndosele lo que a todas se permite, executándose la orden que para ello hubo en el día y festividad del glorioso apóstol San Pedro a las cuatro de la tarde".

O arcebispo tenta evitar que o cabido acuda a presentar a súa queixa ante a raíña e o seu consello, pero tamén reconece a ultraxe cometida contra a catedral e o dobre raseiro de medir "prohibiéndosele lo que a todas se permite". Andrés Girón no seu razoamento ante o cabido pretende rebaixar o nivel de indignación, buscando puntos de acordo nos que apoíarse. Así no primeiro punto do seu argumentario di que a prohibición do señor don Benito de Trelles "no impedía el que viniese a esta ciudad y reino compañías de representantes, sino solo la de Juan de Flores, con quien contrató esta iglesia". No segundo e terceiro punto alega que si se presentaba denuncia contra o señor don Benito de Trelles (o protector das comedias) "un ministro muy acreditado en el Consejo Real..., sus compañeros de su gremio y jerarquía tomarían el caso por suyo y le defenderían en él..., a la manera de las cerezas, que asiendo de una, se van las demás tras ellas". No seguinte punto di que débese ter en conta que o señor don Benito de Trelles "puede ser como dicen mañana presidente de Valladolid o Granada, donde tiene tantas dependencias esta iglesia". Finaliza dicindo que "a su ilustrísima le causaban mucho escrúpulo los

*gastos que se habían de hacer en la dicha legación".* A postura de Andrés Girón quedou moi clara, buscando en todo momento a non confrontación, tentando mediar e evitando situacions que provocasen problemas á xestión do arcebispado. Despois de falar ante o cabido pretendía quedarse para votar o que se decidise nel, pero como non "quería ter pleito sobre este punto" finalmente saíu, iso si, realizando unha oferta suculenta: "*daría fe y palabra de traerle compañía de representantes para la fiesta vecina del tabernáculo del santo apóstol*". Non habería compañía teatral para a canonización do rei, pero si para a inauguración do Tabernáculo da catedral.

Os cóengos seguiron coa reunión para decidir qué facer: reclamar ante a raíña ou aceptar os prantexamentos do arcebispo. O argumentario do cabido tamén consta de varios puntos, destacando que a "*esta iglesia se le prohíbe lo que a todas se permite y viene a ser este pleito como dicen, no por el huevo sino por el fero...* Que el señor don Benito de Trelles sea presidente de Valladolid, o de Granada, o consejero de cámara, no importa nada a esta santa iglesia que nunca ha querido poner pleito injusto a nadie... Que este cabildo no debe ni puede perdonar gastos que los que se hicieren en esta demanda, corran por cuenta siempre de quien causó esta novedad... Que la resolución que tomó el cabildo de enviar los legados fue alabada de todos cuantos la llegaron a entender y dejar de proseguirla era amontonar descrédito a descrédito..."

¿Cómo rematou todo isto? ¿Qué decisión tomou a raíña rexente Mariana de Austria: apoiaría as reivindicacions do cabido e da cidade de Santiago de Compostela ou afianzaría o poder do arcebispo? As festas finalmente suspendéronse. A legación enviada para tratar coa raíña non tivo nengún resultado positivo para o cabido nin para o concello. Na acta capitular do 30 de outubro de 1671 os cóengos reúnense decidindo que "*dicha fiesta se celebrase el domingo quince de noviembre deste presente año, con vísperas y repique de campanas, villancicos, procesión mitrada por los ámbitos de esta santa iglesia, misa y sermón y que se hagan los mismos altares en la claustra desta santa iglesia que se acostumbran en la Octava del Corpus y que por la tarde se saque por dichos claustros en procesión la imagen del santo y que para dicha festividad el señor canónigo fabriquero don José Verdugo prevenga fuegos y luminarias*". As representacions teatrais desapareceron nese programa de festas.

As actas capitulares da canonización do rei Fernando III o Santo amosan a relación tensa que houbo entre o cabido e o arcebispo don Andrés Girón. Non foi esta nin a primeira nin a última vez que ambos poderes chocarían nas súas pretensiósns.

Jorge García García